



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraidesdioruna.es

SESION PLENARIA ORDINARIA **DÍA VENRES 12 DE MARZO DE 2021**

No salón do EDIFICIO MULTIUSOS DO CONCELLO DE FRADES, cando son as 13:30 horas do día venres 12 de marzo de 2021, a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

Don Roberto Rey Martínez, D^a. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. Enrique Astray Otero, D^a. José Luís Pereira Bao, D^a Aurelio Garea Portos, D. Manuel Míguez Villaverde; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde-Presidente, e coa asistencia da Secretaria accidental do Concello Nieves Mandayo Vázquez.

ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Coñecida polos/as asistentes, a través de correo electrónico, a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 8 de xaneiro de 2021, da sesión 3 de febreiro de 2021 e da sesión ordinaria de 23 de febreiro de 2021.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que o Pleno, por unanimidade **ACORDOU**:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 8 de xaneiro de 2021, da sesión 3 de febreiro de 2021 e da sesión ordinaria de 23 de febreiro de 2021.

2.- DACIÓN EN CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta dos decretos da Alcaldía, do exercicio 2021 (dende a data de convocatoria do último Pleno ata a convocatoria do presente) que foran remitidos por correo electrónico aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno.

3.- ASUNTO: SOLICITUDE AO MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL (AMTEGA) PARA A EXTENSIÓN DE FIBRA ÓPTICA NO CONCELLO DE FRADES.

Procédese a lectura da Proposta de Alcaldía que a continuación se transcribe:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

“Visto o informe da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) solicitado polo Concello en decembro de 2020 sobre a Extensión de fibra óptica no Concello de Frades, no cal se detallan os 50 núcleos de poboación nos que se está a realizar o despregamento da fibra óptica e os que se cubrirán tanto co Plan de Banda Larga 2020 (PDBL2020), da Xunta de Galicia, como co Programa de Extensión da Banda Larga de Nova Xeración (PEBA-NGA), da administración xeral do estado; e donde tamén se detallan 19 núcleos de poboación con zonas brancas e que quedan sen actuación polo de agora:

Convocatoria 2020 do Programa estatal

PARROQUIA	ZONAS ACTUACION	OPERADOR	PERIODO DESPREGAMENTO
FRADES	CIMADEVILA-zona 3	TELEFÓNICA	2020-2022
MOAR	MOAR-zona 1	TELEFÓNICA	2020-2022
PAPUCIN	TARRÍO	TELEFÓNICA	2020-2022

Convocatoria da Xunta e do estado de anos anteriores

PARROQUIA	ENTIDADE DE POBOACIÓN	OPERADOR	PERIODO DESPREGAMENTO	SUBVENCIÓN
ABELLA	AR	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
ABELLA	BARREIRO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
ABELLA	CANEDO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
ABELLA	CASTRO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
ABELLA	CHEDA	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
ABELLA	FONDEVILA	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
ABELLA	FONTAO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
ABELLA	FONTEMOURO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
ABELLA	GÁNDARA	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
ABELLA	PEÑASCO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
ABELLA	PIBIDEIRA	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
ABELLA	POMARIÑO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
ABELLA	SOBRE DOS CAMPOS	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
ABELLA	TABERNA	TELEFÓNICA	XA CUBERTO	PDBL2020 XU
AÑA	BOUZAMONTE	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
AÑA	A IGREXA	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
AÑA	SAN PAIO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
AÑA	SANAMIL	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
AÑA	TARRENTOS	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraudesdioruna.es

AIAZO	DEVESA	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
AIAZO	FONSÁ	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
AIAZO	FONTELO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
CÉLTIGOS	ALEMPARTE	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
CÉLTIGOS	A IGREXA	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA

FRADES	SAN MARTIÑO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
FRADES	SAN AMARO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
GAFOI	CURRAS	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
GAFOI	LAPELAS	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
GAFOI	PONTECARREIRA	TELEFÓNICA	XA CUBERTO	PDBL2020 XU
GAFOI	RASELO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
GAFOI	SIBÍO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
GALEGOS	PAZO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
GALEGOS	PONTE	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
GALEGOS	VISTA ALEGRE	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
LEDOIRA	A IGREXA	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
LEDOIRA	RIVADAS	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
LEDOIRA	VILAR	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
MESOS	CABOLADRÓN	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
MESOS	FIGUEIRA	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
MOAR	CAST. REDONDO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
MOAR	FONTE SANTAIA	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
MOAR	QUEIRIS	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
MOAR	VILARELLO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
MOAR	PEDREIRA	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
PAPUCIN	CARBALLAL	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
PAPUCIN	A IGREXA	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA
PAPUCIN	OUTEIRO	TELEFÓNICA	2019-2021	PEBA-NGA

NÚCLEOS CON ZONAS BRANCAS 2020 (Sen actuación de momento)

PARROQUIA	ENTIDADE DE POBOACIÓN
ABELLÁ	GASALLA
CÉLTIGOS	ABOI
CÉLTIGOS	CAMPODURO
GALEGOS	OUTEIRO
GALEGOS	REBOREDO



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

LEDOIRA	RECEÁ
MESOS	CANEDOS
MOAR	GARABANXA
PAPUCIN	CONSELLO
PAPUCIN	PRADO
PAPUCIN	QUINTÁ
PAPUCIN	VIMIERO
PAPUCIN	ZOCHAL
VITRE	CASAL
VITRE	CURRILLOS
VITRE	LOUREIROS
VITRE	REBOREDO
VITRE	UCEIRA
VITRE	VILARXÓAN

SOLICITAR:

- **A SECRETARÍA DE ESTADO DE TELECOMUNICACIÓNS E INFRAESTRUCTURAS DIXITAIS DO MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL :**
 1. *Que na próxima convocatorias de axudas ao despregamento no marco do programa de extensión de Banda Larga de Nova xeración do Estado inclúan os 19 núcleos do concello de Frades que estan considerados como zonas brancas 2020 e que se inclúan tamén as zonas das entidades de poboación dos seguintes núcleos que non foron incluídas na convocatoria 2020 do programa estatal:*
 - Núcleo de Cimadevila na parroquia de Frades:
Referencia 15038050100-2020-000001
Referencia 15038050100-2020-000002
 - Núcleo de Moar na parroquia de Moar:
Referencia 15038101200-2020-000002
Referencia 15038101200-2020-000003
 2. *Información sobre a planificación e o estado de execución das actuacións subvencionadas en anteriores convocatorias e con periodo de despregamento 2019-2021 no Concello de Frades.*
- **A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA DA XUNTA DE GALICIA:**



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Que na próxima convocatoria de axudas ao despregamento no marco do programa de Banda Larga da Xunta de Galicia que se inclúan todos os núcleos do Concello de Frades que están considerados como zonas brancas 2020.

- **AO OPERADOR DE TELEFONIA TELEFÓNICA S.A**

Que nas próximas convocatorias de axudas o despregamento dos programas de extensión de Banda Larga tanto do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital como da Xunta de Galicia soliciten as axudas para cubrir as zonas consideradas como brancas 2020 en 19 núcleos de poboación do Concello de Frades así como as zonas das entidades de poboación dos seguintes núcleos que non foron incluídas na convocatoria 2020 do programa estatal:

-Núcleo de Cimadevila na parroquia de Frades:

Referencia 15038050100-2020-000001

Referencia 15038050100-2020-000002

-Núcleo de Moar na parroquia de Moar:

Referencia 15038101200-2020-000002

Referencia 15038101200-2020-000003”

O voceiro do PSOE manifesta que non se opón as melloras propostas e que se consideran lóxicas e máis nestas circunstancias.

O voceiro do BNG manifesta a súa conformidade e lamenta que non se tivera feito antes.

Pasada a votación a aprobación referida polo Pleno municipal, con 11 votos a favor, 7 dos membros do grupo municipal do PP, 3 dos membros do grupo municipal do PSOE e unha do grupo municipal do BNG, de conformidade co disposto nos artigos 212 apartados 4 e 5 do Texto Refundido Regulador das Facendas Locais aprobado por RDL 2.2004, e nos artigos 49 a 51 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, acórdase aprobar a referida proposta.

Votacións:

Votos a favor: 11

7 PP

3 PSOE

1BNG

Votos en contra: 0



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraudes.dicoruna.es

Abstencións: 0

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

5.- ASUNTO: MOCIÓNS.

5.1 MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, sobre a política do Goberno galego en relación co seu financiamento aos concellos do Servizo de Axuda no Fogar.

Procédese polo voceiro do PSOE a lectura da seguinte moción:

“A aprobación no ano 2006 da Lei de Dependencia por parte do Goberno de España, supuxo un fito histórico na ampliación do Estado do Benestar en España e actualmente hai 1,1 millóns de persoas beneficiarias con dereito efectivo. Sen dúbida un grande avance no sistema de protección social en España.

Como dispón con carácter xeral o artigo 11 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, correspóndelle ás Comunidades Autónomas “xestionar no seu ámbito territorial, os servizos e recursos necesarios para a valoración da atención á dependencia”.

Nomeadamente, o Servizo de Axuda no Fogar é un dos recursos de atención ás persoas dependentes máis demandados, con máis de 24.000 usuarios en toda Galicia. Aínda que a competencia é da Xunta de Galicia, a súa xestión foi derivada aos Concellos.

De feito, a súa xestión e financiamento vén imposto aos Concellos en virtude da Lei 13/2008, de 3 de decembro, dos servizos sociais de Galicia e do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A achega da Xunta de Galicia ao financiamento deste servizo da súa competencia é de 9,7 euros/hora, e a dita aportación está conxelada dende o Decreto do ano 2012, permanecendo inalterada a insuficiente contía que aporta a Xunta para a xestión dunha competencia propia.

Na Orde de 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiación do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de Dependencia recóllese:

Módulo económico a aplicar: a achega da Xunta de Galicia será igual á diferenza entre o custe do servizo, declarado pola corporación local na xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais máis recente dispoñible, menos o importe da participación da persoa usuaria no custe do servizo, por hora efectiva de atención xustificada a persoas con Programa Individual de Atención (PIA) de Servizo de Axuda no Fogar (SAF).



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

En todo caso, a achega por parte da Xunta de Galicia será dun máximo de 9.7 € por hora efectiva de atención xustificada a persoas con Programa individual de atención de servizo.

A axuda no fogar é unha competencia impropia que asumen os concellos cando lle corresponde ás administracións autonómica e estatal. Hai que ter en conta que o prezo do salario base mensual dunha auxiliar de axuda no fogar pasou de 14 pagas de 964,15 € en 2021 a 14 pagas de 1042,68 € en 2021. Son os Concellos quen teñen asumido ao longo de todo este tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia.

Esta situación é insostible para a maioría das finanzas municipais, tendo en conta, ademais que, a menor presuposto municipal (concellos pequenos e normalmente con maior dispersión poboacional) os custes por hora vense incrementados.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a:

- 1. Instar á Xunta de Galicia a que incremente o financiamento do Servizo de Axuda Fogar da súa competencia e que xestionan os concellos, que permanece conxelado dende o ano 2012, de modo que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se poda prestar este servizo coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para as e os profesionais do dito servizo*
- 2. Trasladar ao Parlamento de Galicia o acordo adoptado por esta corporación para o seu coñecemento e efectos.*
- 3. Trasladar o presente acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias para o seu coñecemento e efectos.”*

O voceiro do PP, Manuel Ferreiro, sinala que o servizo de axuda no fogar é unha prioridade para o equipo de goberno do Concello de Frades e que é necesario incidir nos incumprimentos da Lei de Dependencia por parte do goberno do estado, a pesar de incrementar este ano as aportacións as Comunidades Autónomas segue sen achegar os fondos acordados en dita Lei e por tanto incumprindo as súas obrigas legais. Ademais sinala que a Xunta de Galicia xa está en negociacións coa Fegamp para incrementar as aportacións aos concellos, valorando o incremento do prezo/hora vixente.

O Alcalde móstrase conforme coa moción pero sinala que estas esixencias tamén deben dirixirse ao goberno do Estado por estar incumprindo a Lei de Dependencia dende a súa aprobación ao non aportar os fondos as Comunidades Autónomas acordados en dita Lei, e non so culpar a Xunta de Galicia como fai o grupo do Psoe de Frades nesta moción.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

O voceiro do BNG móstrase conforme coa moción e incide tamén en que non entende por que o goberno do Estado non cumpre coas súas obrigas da Lei de dependencia

Votacións:

Votos a favor: 4

3 PSOE

1BNG

Votos en contra: 0

Abstencións: 7

7 PP

Resultado: Maioría

Estado Proposta: Aprobada

5.2 MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), Plan de Rescate para os sectores da hostalaría e o turismo

Procédese a retirar está moción polo voceiro do PSOE en consenso co grupo do PP posto que desde que se presentou a moción xa se realizaron diversas reunións entre as distintas administracións públicas de Galicia (Xunta, Deputacións, Fegamp e Asociacións de Hostaleiros), nas que non se chegaron a acordos para realizar unha convocatoria única por discrepancias entre as partes e polo tanto cada administración pública vai a repartir fondos baixo os seus criterios e sacando as súas propias convocatorias de axudas a hostalaría e o turismo.

O Alcalde explica que o concello vai aportar fondos durante este ano 2021 tanto a Xunta de Galicia como a Deputación da Coruña para incrementar as axudas aos negocios que tiveron que cerrar e que están a padecer as consecuencias das restricións de aforos motivadas polas normas anti- Covid 19 xa que entende que é a formas mais rápida e que reúne todos os requisitos legais para axudar os empresarios e autónomos do Concello que o están a pasar mal a consecuencia desta pandemia.

Queda retirada a moción.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

5.3 MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), CON MOTIVO DA POSICION EN CONTRA DA REFORMA DA SAÚDE PÚBLICA, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE FRADES

Procédese polo voceiro do PSOE a lectura da seguinte moción:

“A Lei de Saúde 8/2008 de Galicia foi a primeira lei integral de saúde de Galicia, dotando á autonomía dun marco legislativo necesario e sólido para poder afrontar as necesidades dun ben prezado como é a sanidade pública. Entre as cuestións que nesta lei se trataron existiron aspectos referidos á saúde pública, contando coas medidas que o goberno de Galicia pode adoptar por necesidades asociadas a esta área e, incluso, cun regulamento que implicaba sancións debido a incumprimentos que provocaran problemas sanitarios. Esta lei está fundamentada nos dereitos dos pacientes e, como concepto xeral, nunha visión integral da saúde e da promoción e protección dela a través dos mecanismos que un sistema sanitario público debe ter.

A pandemia provocada polo coronavirus afectou a todo o conxunto da poboación, e particularmente ao sistema sanitario. A situación, tremendamente excepcional, motivou tamén a necesidade de outorgar ás administracións un corpo legal que permita tomar as decisións necesarias para controlar o efecto expansivo do virus. A este respecto o Estado de Alarma, mecanismo excepcional contemplado na Constitución Española, resultou ser unha ferramenta relevante e que permitiu afrontar difíciles decisións ademais de aportar posibilidades que, nunha situación normal, non poderían ser tomadas. Este Estado de Alarma, non en tanto, foi criticado e discutido por diversos partidos, principalmente o Partido Popular (aínda que non soamente) que quixeron descabalgar ao goberno de España e quixeron utilizar a pandemia para facer ataques partidistas nun momento tan delicado.

Ao fin do ano 2020 o Partido Popular de Galicia iniciou un proceso parlamentario para reformular algúns aspectos da Lei de Saúde 8/2008 de Galicia, co obxectivo de introducir novas medidas co suposto obxectivo de combater a pandemia. Estas medidas continuaron a súa tramitación e a aprobación de dita modificación da Lei xa un ano despois do inicio da pandemia.

A pesares dos anuncios e intentos de dulcificación, a proposta legislativa que propón o Partido Popular de Galicia ten implicacións legais de gravidade. As propostas incluídas implican, de facto, a implantación definitiva dun estado de alarma permanente en Galicia, con implicacións de carácter constitucional respecto da posibilidade de limitar “dereitos fundamentais e liberdades públicas”



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

como é referido na propia proposta aínda que estes aspectos non poidan ser modificados e alterados nunha lei de rango autonómico. A normativa incluírá, tamén, a capacidade de que sexan considerados autoridade sanitaria todos os membros da administración, sexa local ou autonómica, sexan membros do eido sanitario ou non. Estas denominadas autoridades sanitarias terán a capacidade de ditaminar ordes de peche de negocios, requisar materiais ou advertir posibles sancións á persoas concretas coa mera causa de considerar, persoalmente, que existe un risco. Estas medidas poderán ser demandadas por tal autoridade sanitaria aos corpos e forzas de seguridade, que deben facilitar estas accións sen poder opoñerse. A normativa actual pretende, ademais, evitar procedementos administrativos nas sancións, ou incluso evitar a petición de autorización xudicial para medidas de restricións, como ata o de agora.

A normativa tamén implica a aprobación dos tratamentos obrigatorios para os casos que sexan considerados de interese polas autoridades sanitarias responsables, incluída a obrigatoriedade da vacinación, mencionado expresamente que estes casos poden darse “aínda que exista incerteza científica”, apoiándose na consideración arbitraria de quen corresponda.

A aprobación desta normativa suporá unha vulneración de dereitos, inapropiada e innecesaria. A situación excepcional que vivimos na pandemia xera un estado de medo e incertezas comprensibles e que desacougan á poboación. Non entanto, a utilización dos medos e os temores para legislar contra os dereitos cidadáns en favor das restricións non é posible aceptalo. Os gobernos deben manter a capacidade de xestionar e dirixir as accións contra a pandemia, pero non aproveitarse deste escenario para implantar medidas de corte autoritario, e moito menos pretender alterar principios básicos de todo o Estado a través de medidas autonómicas que poden ter serios problemas de validez.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista de Frades manifesta o seu rexeitamento á modificación da Lei de Saúde de Galicia proposta no Parlamento de Galicia, e insta ao goberno da Xunta de Galicia a iniciar una reforma da dita Lei en consenso con todas as forzas políticas con representación parlamentaria, axentes sociais, sociedades científicas, representantes das administracións locais e do ámbito xurídico galego. Esta reforma estará orientada a mellorar, de ser necesario, os aspectos que poidan contribuír a optimizar o sistema legal que sexa preciso pero sen implantar medidas de restricións de liberdades e dereitos individuais e facelo, ademais, de acordo coas valoracións sanitarias nos aspectos en que sexa preciso.”

O Voceiro do PP, Manuel Ferreiro, sinala que os recortes de liberdades e demais dereitos fundamentais foron realizados polo PSOE durante o Estado de Alarma incidindo en que non é o mecanismo adecuado, que nin sequera se adoptou mediante a súa renovación quincenal a vista das



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

situacións da actualidade no que se adopta. Bota de menos unha lei de sanidade a nivel estatal, e recorda que segue sen estudiarse e lexislarse unha lei de emerxencia sanitaria.

O voceiro do BNG, Manuel Míguez, pon de manifesto a falta de consenso e lamenta a situación, sinalando que a situación vivida non debe politizarse.

O voceiro do PSOE, Enrique Astray pon de manifesto a incongruencia de que o PP defenda a sanidade pública e mostra a súa preocupación pola pandemia, incidindo que neste punto debería haber consenso e colaboración da oposición co goberno central que non aprecia.

O voceiro do PP, Manuel Ferreiro, insiste na falta de regulación e de leis que se adecúen a realidade no ámbito sanitario por parte do goberno do Estado, que fagan do estado de alarma algo excepcional e non a norma xeral como se está vivindo.

O membro do PSoE, Aurelio Garea, sinala que se o estado de alarma non se renovou quincenalmente e porque se pode establecer un cun prazo máis amplo tal e como fixo o goberno, senón teríase feito doutra maneira, e pon en alza o valor do estado de alarma comparando a situación do Estado coa da Comunidade Autónoma de Madrid.

Votacións:

Votos a favor: 3

3 PSOE

Votos en contra: 7

7 PP

Abstencións: 1

1 BNG

Resultado: Maioria

Estado Proposta: Rechazada



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

5.4 MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE FRADES

Procédese polo voceiro do PSOE a lectura da seguinte moción:

“Este 2021, Nacións Unidas elixiu como lema para este día “Por un futuro igualitario no mundo da Covid-19”. E é que hai xa un ano que un feito doloroso e insólito para a nosa xeración alterou e escureceu as nosas vidas. Unha pandemia mundial, unha crise sanitaria que con levou outra social e económica. Durante a pandemia as mulleres estiveron en primeira liña e desempeñado un papel extraordinario. Como traballadoras no ámbito sanitario, a ciencia e a investigación, desde os servizos esenciais, pero tamén asumindo a responsabilidade dos coidados no ámbito privado.

Esta crise afectou máis ás mulleres. Son máis as que perderon o seu emprego, as autónomas que viron frustradas as súas empresas, as que sufriron un ERTE. Son moitas máis as que fixeron malabares coas clases dos seus fillos e fillas, a atención aos seus pais ou avoas, o traballo profesional, as tarefas do fogar. As que máis sufriron eses efectos, á conta da súa propia carreira laboral e ata do seu benestar. E por suposto, supuxo unha tortura engadida a todas as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Tal como expresa Nacións Unidas, a crise puxo de relevo tanto a importancia fundamental das contribucións das mulleres como as cargas desproporcionadas que soportan. Ademais, advirte que por mor da pandemia da Covid-19 xurdiron novos obstáculos, que se suman a os de

carácter social e sistémico que persistían antes e que frean a participación e o liderado das mulleres. Porque a pesar de que as mulleres constitúen a maioría do persoal de primeira liña, aínda están infrarrepresentadas nos espazos de poder e da toma de decisións.

Dende o grupo municipal socialista de Frades asumimos e defendemos que hai que intervir para paliar esta situación. Desde as nosas respectivas responsabilidades, debemos traballar para que esta crise non deixe a ninguén atrás e tampouco leve por diante ás mulleres. E temos ante nós unha gran oportunidade porque contamos cunha inxección en forma de fondos europeos, que nos dan a posibilidade de investir con audacia para xerar e establecer cambios estruturais.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista de Frades propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

ACORDOS:

1. *Instar ao Goberno municipal, impulsar e reforzar o marco normativo municipal para que se introduza a perspectiva de xénero en tódalas políticas levadas a cabo dende o Concello de Frades*
2. *Instar o Goberno da Xunta de Galicia, dentro do seu marco competencial a:*
 - *Impulsar políticas dirixidas a pechar as moitas brechas que nos quedan aínda pendentes como; a brecha laboral, a salarial e a fenda dixital.*
 - *Fomentar actuacións destinadas a impulsar a corresponsabilidade*
 - *Corrixir as situacións de desigualdade das mulleres, dende o ámbito rural ao investigador e tecnolóxico.*
 - *Despregar políticas dirixidas a loitar contra a pobreza infantil e ás das mulleres con fillos e fillas a cargo.*
3. *Dar traslado deste acordo plenario á Xunta de Galicia.”*

O alcalde mostra a súa conformidade coa moción pero bota en falta que só se fagan reclamacións a Xunta e o Concello pero non se faga ningunha referencia ao goberno do Estado, como se non tivera competencias neste ámbito.

O voceiro do BNG mostra a súa conformidade.

Votacións:

Votos a favor: 11

7 PP

3 PSOE

1BNG

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdioruna.es

5.5 MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO DO PARTIDO POPULAR, CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE FRADES

Procédese polo Alcalde a lectura da seguinte moción:

O Grupo Municipal Popular no Concello de Frades de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade.

As estatísticas seguen a revelar unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de decisión.

O impacto de xénero da covid-19, ou como a crise ocasionada pola covid-19 lle afecta de xeito diferente a mulleres e a homes ten sido analizado por distintos organismos, internacionais, nacionais e tamén autonómicos, como a OIT, a ONU, a OCDE, a UE, o IMIO, a Universidade de Vigo e a Consellería de Emprego e Igualdade, entre moitos outros. Todos coinciden en sinalar que a tripla dimensión desta crise, sanitaria, social e económica, ten unha repercusión diferente entre homes e mulleres e que a resposta á crise debe incorporar o enfoque de xénero para que non se incrementen as desigualdades xa existentes.



Concello de FRADES

*Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)*

*Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraudes.dicoruna.es*

Destacan todos os informes o rol das mulleres na xestión da pandemia. Segundo a ONU, as mulleres desempeñan un papel imprescindible na loita contra a covid-19: como principais coidadoras nos fogares, nas redes familiares e os espazos comunitarios, traballadoras e profesionais no sector da saúde, sobre representadas nos servizos de limpeza, traballadoras domésticas e en servizos básicos (como supermercados e farmacias). As tarefas de coidado dentro dos fogares están a recaer maioritariamente nas mulleres, que, polo xeral, teñen a responsabilidade de atender a familiares enfermos, persoas maiores e dependentes e nenos e nenas.

Indica o IMIO a nivel nacional, que as mulleres seguen realizando a maior parte do traballo doméstico e de coidado de persoas dependentes, remunerado e non remunerado, asumindo tamén unha maior carga mental derivada da mesma.

Un dos grandes retos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena.

É indubidable que a plena igualdade no ámbito laboral só será posible se existe unha asunción equitativa do traballo doméstico e de coidados no ámbito do fogar. Temos que apostar por un modelo de sociedade corresponsable no que homes e mulleres compartan de maneira equilibrada responsabilidades domésticas e familiares, no marco do necesario cambio cultural en torno aos usos do tempo. É necesario impulsar a concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais, así como reforzar os recursos destinados á conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

As empresas, pola súa banda, introducen de xeito voluntario no seu ordenamento interno cada vez en maior medida plans de igualdade con apartados específicos dedicados ás medidas de conciliación. O xeito de facelo de xeito voluntario é un claro indicador da vontade de traballar en prol da



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraidesdioruna.es

igualdade pero tamén da asunción dos efectos positivos destas medidas sobre o propio clima laboral da empresa e sobre os seus resultados

Outra importante transformación que é estrutural, e que será tamén imprescindible de cara a conseguir a conciliación real, é o cambio na xestión global dos tempos. Isto pasa por facer fronte ao necesario debate da racionalización horaria a nivel global, buscando un novo pacto social de xestión racional e xusta dos tempos entre a cidadanía, o ámbito da empresa privada e a administración.

As medidas tanto de conciliación como de racionalización horaria teñen sen dúbida efectos moi positivos sobre a calidade do emprego e o benestar social. Nun paso máis alá, está demostrado que as políticas de igualdade e nomeadamente as medidas de conciliación poden ser un importante alento ás políticas demográficas: sen conciliación e corresponsabilidade non hai posibilidades de desenvolver políticas demográficas sustentables e realistas.

Se un dos camiños que conducen ao emprego de calidade e ao benestar social son as políticas de conciliación, outro non menos importante é o da formación e o coñecemento. Precisamente pola inxusta distribución da responsabilidade da conciliación, moitas mulleres viron e aínda ven dificultada a súa inserción no mercado laboral e tamén as súas posibilidades de formación e desenvolvemento.

É fundamental seguir apoiando o liderado feminino e a presenza das mulleres en todas as esferas da sociedade, incluíndo os postos de decisión e influencia, á vez que cómpre seguir traballando para derrubar os obstáculos que dificultan a incorporación en condicións de igualdade e a promoción profesional das mulleres en ámbitos como o da ciencia. Para iso, ademais da aplicación de políticas específicas, resulta imprescindible seguir traballando para eliminar os estereotipos e roles que sustentan a desigualdade de xénero.

A manifestación máis cruel e da desigualdade existente entre mulleres e homes no mundo é a violencia de xénero.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación.

Para iso necesítase un consenso institucional, político e social que mostre, sen fisuras, o compromiso de todas as institucións coa sociedade para alcanzar os acordos que permitan avanzar na erradicación da violencia contra as mulleres.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular do Concello de Frades presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1.-O Concello de Frades inste ao Goberno do Estado a:

A aprobación da Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres. E mentras non estea aprobada se incremente e dote de recursos suficientes á inspección laboral co fin de perseguir calquera discriminación que por razón de xénero se produza no ámbito laboral.

A modificación e actualización da Lei de Conciliación e Corresponsabilidade de 1999 tendo en conta a nova realidade demográfica, a racionalización horaria e favorecendo a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar.

2. O Concello de Frades inste á Xunta de Galicia a:

Fomentar, en colaboración coas entidades locais, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero.

Fomentar, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais, e dentro do marco do Diálogo Social, a aprobación de novas medidas que



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

alenten a corresponsabilidade e a conciliación, a través de Plans específicos, incentivando no ámbito laboral novas modalidades de traballo flexibles, promovendo que estas se desenvolvan tamén polos homes, e artellando medidas que garantan a compatibilidade entre teletraballo e conciliación, así como o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero.

Realizar un Plan de sensibilización e concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.

Ter en conta na elaboración de calquera medida a denominada “*interseccionalidade*”, en virtude da cal algúns sectores da sociedade, como as mulleres anciás, as mulleres con diversidade funcional, as mulleres pertencentes ao colectivo LGBTI e a minorías étnicas e inmigrantes, son particularmente vulnerables ao virus e ás súas consecuencias.

O voceiro do BNG mostra a súa conformidade.

O voceiro do PSOE mostra a súa conformidade.

A concelleira do PP, concelleira de Igualdade, Ángeles Álvarez, comenta a noticia que saiu na prensa estes días, donde se lle denega a realización de prácticas a unha rapaza nunha empresa por non dispor de vestiario de mulleres, e rechaza este tipo de conductas. Tódolos membros do pleno poñen de manifesto o seu rechazo a este tipo de actuacións que van en contra da igualdade de dereitos entre homes e mulleres.

Votacións:

Votos a favor: 11 7 PP 3 PSOE 1BNG

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdioruna.es

5.6 MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO DO PARTIDO POPULAR, CON MOTIVO DO IVE DOS PEITEADOS, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE FRADES

Procédese polo voceiro do PP, Manuel Ferreiro, a lectura da seguinte moción:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN APOIO DA REDUCIÓN DE IVE AOS SALÓNS DE PEITADO

O Grupo Municipal Popular no concello de Frades de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os salóns de peiteado representan un importante sector económico do tecido empresarial do noso país. Durante os últimos anos estes profesionais veñen atravesando unha notable crise, que se veu agravada coa chegada da pandemia da Covid-19.

A restricións derivadas da situación sanitaria e a práctica desaparición de celebracións e eventos festivos, están abocando á desaparición a centos de profesionais e empresas do sector.

Só en Galicia, o impacto da crise sanitaria provocou o peche de máis 300 negocios de peiteado e unha caída na súa facturación que supera o 30%.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Estes negocios, na súa maioría pequenas e medianas empresas, supoñen un número considerable de postos de traballo.

Cabe destacar tamén, o esforzo realizado polo sector para adaptarse á normativa recomendada polas autoridades sanitarias, o que supuxo tamén un importante investimento que, apoiados pola administración autonómica, tiveron que asumir directamente.

O pasado 21 de xaneiro, o Grupo Parlamentario Popular, logo do diálogo cos traballadores galegos do sector, rexistrou no Parlamento de Galicia unha Proposición non de lei para instar ao goberno central unha baixada do IVE, pasando do 21% actual, ao 10%, por consideralo unha das medidas fundamentais para garantir a supervivencia deste sector.

Desde este concello debemos tamén sumarnos a esta proposta de redución que se fundamenta, entre outras cuestións, na súa cualificación por parte do Goberno central como servizo esencial durante o Estado de Alarma. Pois ademáis do seu traballo no ámbito da estética, realizan unha importante labor hixiénica e sanitaria, especialmente para as persoas dependentes.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Frades, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Demandar ao Goberno do Estado a redución do IVE dos salóns de peiteado, pasando do actual 21% a un 10%, dando o apoio necesario para garantir a supervivencia deste sector e dos postos de traballo que manteñen, nun momento de especial necesidade pormor da crise da Covid-19



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fades.dicoruna.es

O voceiro do BNG mostra a súa conformidade.

O voceiro do PSOE mostra a súa conformidade.

Votacións:

Votos a favor: 11 7 PP 3 PSOE 1BNG

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

5.7 MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO DO PARTIDO POPULAR, CON MOTIVO DA REBAIXA DO PEAXE DA AP9, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE FRADES

Procédese a retirar a moción por parte do grupo do PP en consenso cos grupos da oposición xa que según explica o Sr.Alcalde estos días tivo lugar unha reunión entre o Presidente da Xunta e o Ministro de Transportes donde se chegaron a acordos para diseñar conxuntamente as bonificacións nas peaxes da AP9 e a proposta se faga chegar a concesionaria para que se apliquen no segundo semestre deste ano os usuarios da autopista.

Queda retirada a moción.

6.-ASUNTO: INFORMES.

1. POSTO DE SECRETARIA - INTERVENTORA

O Alcalde informa sobre o estado do posto da secretaría intervención precisando que a secretaria non se reincorporará ao seu posto xa que concursou para outro Concello e que se se está na procura dun secretario/a municipal provisional mentras non se cubra de novo a praza nun concurso unitario.

2. AXUDAS O TRANSPORTE E MATERIAL ESCOLAR

O Alcalde informa que esta aberto o prazo para solicitar as axudas para o transporte e material escolar.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

3. AXUDAS PARA A AUTONOMIA PERSONAL

O Alcalde informa que esta aberto o prazo para solicitar axudas para adquisición de axudas técnicas ou para a eliminación de barreiras arquitectónicas no fogar para persoas con discapacidade igual ou superior o 65% ou cun grado de dependencia de nivel II ou III.

4.MANCOMUNIDADE DE ORDES

O Alcalde informa que no pleno da Mancomunidade da Comarca de Ordes se solicitou a Xunta de Galicia unha axuda para levar a cabo un obradoiro de emprego xuvenil e un plan integrado de emprego para os sete concellos da comarca durante este ano 2021.

6.- ASUNTO: ROGOS E PREGUNTAS

Polo voceiro do BNG:

1.) Mellora da calidade da auga:

O voceiro sinala que anteriormente xa mostrou a súa inquedanza sobre esta cuestión, existe un problema no abastecemento, polo que solicita a inclusión no POS 2021 de inversións que se consideren necesarias.

O Alcalde manifesta que xa está en conversas coa Xunta de Galicia para mellorar e ampliar a potabilizadora de Ponte Carreira e que as aportacións do POS son moi necesarias para o mantemento da rede viaria e para o gasto corrente do Concello.

2.) Melloras de accesibilidade de equipamentos deportivos municipais:

O voceiro sinala que debería ser máis doado facer uso das instalacións, coñecer a súa dispoñibilidade e a reserva de praza a través da web do concello, polo que solicita que se arbitren medidas para coñecer de antemán a dispoñibilidade dos equipamentos deportivos e facilitar o acceso a eles.

O Alcalde manifesta que non ve problemas no acceso aos equipamentos deportivos , que os mesmos están a disposición dos usuarios, unicamente están pechados os pavillóns de Pontecarreira e Abellá por medidas sanitarias para uso de grupos de mais de catro persoas



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

senón que sexan actividades desenroladas polo colexio que ten o seu propio protocolo. No referente a pista de pádel de Abellá existe un sistema de reserva de praza con preferencia a empadroados que o xestiona o técnico deportivo que está funcionando correctamente e que a implantación dun servizo de apertura de portas automático para as instalacións deportivas resultaría moi custoso para o concello.

3.) Publicidade dos plenos:

O voceiro sinala que pese a ser públicos debe coñecerse con máis premura hora, data e lugar da súa celebración. Solicita que por motivos de transparencia se publiquen as actas correspondentes e se suba a convocatoria dos plenos a web do concello con antelación suficiente e que se faga unha gravación audiovisual dos plenos e a súa posterior difusión na web.

O Alcalde contesta o voceiro que se dará publicidade a convocatoria dos plenos con antelación e se poñerán ao día as actas na páxina web, que o motivo foi a marcha da secretaria no mes de novembro e que todavía non se cubriu o posto como saben.

Con respecto a difusión dos plenos que aínda que non é obrigatorio e non se está a facer na gran parte dos concellos da provincia o equipo de goberno valorara a proposta sabendo que teríamos que adaptar o salón de plenos con equipo de megafonía, cámara de vídeo, etc e que tería un coste económico importante.

4.) Adaptación tecnolóxica do CPI:

O voceiro pon de manifesto a necesidade dunha boa cobertura dixital no Cpi de Ponte Carreira a través da conexión da fibra óptica. O Alcalde sinala que xa se puxo en contacto coa Xuntano mes de Xaneiro e a a información que lle trasladaron desde AMTEGA (Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia) e que se está a piques de adjudicar un novo contrato que solventará o problema e se conectará fibra óptica ao colexio e ao instituto de secundaria pero que non ten as datas concretas, o máis seguro e que sexa para comezos do curso 2021/2022. E informa que tamén se están a modernizar as instalacións dentro do colexio con novos equipos para adaptalos as novas exigencias dixitais na docencia.

5.) Retirada de residuos na Gándara (Moar):

O voceiro pon de manifesto a existencia de residuos na Gándara na parroquia de Moar

O Alcalde sinala que é unha cuestión de civismo, que cada certo tempo procédese a retirada de residuos en varios puntos aislados do concello e recorda que neste concello se dispón de



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

moitos medios para desfacerse dos residuos sen ter que tiralos nos montes, dispónemos dun punto limpo aberto dous días a semana, recollense todo tipo de voluminosos os primeiros mércores de cada mes o lado dos contedores e que se fai unha recollida de plásticos agrícolas a maiores nas granxas baixo demanda e que esta información se manda as vivendas cada vez que se envía un folleto informativo de actividades trimestralmente.

Que procederá a súa retirada como se está facendo en outros lugares do Concello.

6.) Problemática con una veciña:

O voceiro pon de manifesto que unha veciña se queixou o seu grupo de que no concello non a atenden as súas reclamacións.

O Alcalde responde que se trata dunha persoa problemática e que insulta a todo o persoal do concello cada vez que ven as instalacións municipais a pesar de que nunca se lle negou a asistencia e que tamén ten problemas coa gran parte dos veciños/as da súa parroquia por querer invadir e prohibir o paso por un camiño municipal.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Alcalde levanta a sesión cando son as 16:00 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde e da Secretaria- Interventora accidental que dá fe.

A SECRETARIA Accidental

Alcalde

Asdo :Nieves Mandayo Vázquez

Asdo.: D. Roberto Rey Martinez